



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MONTE DE
U.P. Nº 493 “COSTA DE OIA”
(E.L.M. DE CHENLO) – DISTRITO FORESTAL XVIII
(O PORRIÑO – PONTEVEDRA)

SETEMBRO DE 2009

Vº e prace

Enrique Martínez Chamorro

Preparado por

Sergio Frade Castro

TÍTULO I: INVENTARIO

TÍTULO I: INVENTARIO

CAPÍTULO I. ESTADO LEGAL.....páx.1

- I.1. Situación administrativa.
- I.2. Pertenza.
- I.3. Grao de consolidación da propiedade.
- I.4. Límites.
- I.5. Superficies.
- I.6. Posibles servidumes e ocupacións.
- I.7. Usos e costumes.
- I.8. Existencia de Consorcio ou Convenio.
- I.9. Regulamentación existente.
- I.10. Posibilidade de subvencións.
- I.11. Outros (enclavados...).

CAPÍTULO II. ESTADO NATURAL.....páx.8

- II.1. Breve descrición da situación xeográfica, orográfica, configuración do terreo, clima e solo.
 - II.1.1. Situación xeográfica.
 - II.1.2. Posición orográfica e configuración do terreo.
 - II.1.3. Características do clima.
 - II.1.4. Características do solo.
- II.2. Infraestruturas de acceso.
- II.3. Estrutura de usos.
- II.4. Estado dos procesos de erosión.
- II.5. Estado da rede fluvial e bosque ripícola.
- II.6. Biodiversidade: fauna e vexetación. Hábitats forestais (singulares e ecotonos).
- II.7. Enfermidades, pragas e outros danos.
- II.8. Descrición de árbores, entornos e paisaxes singulares, patrimonio cultural e valores recreativos.

CAPÍTULO III. ESTADO FORESTAL.....páx.24

- III.1. División inventarial.
- III.2. Cálculo de existencias ou estudo das masas arbóreas.
- III.3. Descrición de unidades inventariales ou apeo de cantóns.
- III.4. Estado do rexenerado.

CAPÍTULO IV. ESTADO ECONÓMICO.....páx. 164

IV.1. Resumo económico do último decenio.

IV.2. Distancia a núcleos e principais centros de transformación .

IV.3. Condicións intrínsecas do monte.

IV.4. Condicións da comarca e mercado dos produtos forestais.

CAPÍTULO I. ESTADO LEGAL.

I.1. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA

O monte “Costa de Oia e outros” está clasificado como monte de U.P. có número 493, dentro do Catálogo dos montes de Utilidade Pública da Provincia de Pontevedra. Localízase no Termo Municipal de O Porriño, na parroquia de Chenlo. Atópase no Distrito Ambiental XVIII, Vigo -Baixo Miño.

Existen outros plans no mesmo territorio ou directrices asociadas que poden influír na ordenación:

- Plan do Distrito XVIII.
- TECOR PO-10161 Serra do Galiñeiro.
- SXFS (Sistema de Xestión Forestal Sostible).
- Plan Forestal de Galicia.

Plan do Distrito XVIII

A raíz dos incendios forestais acaecidos na última década en Galicia, e sobre todo no ano 2006, elaborouse a *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*. Esta Lei estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais en varios niveis: comunidade galega, distrito, municipal e inframunicipal. Neste senso, despois da redacción do PLADIGA (Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais de Galicia), realizáronse os Plans de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais de Distrito, englobando as directrices establecidas no PLADIGA. No ano 2008 foi aprobado o Plan do Distrito XVIII, Vigo – Baixo Miño, cun período de aplicación de 4 anos (2008 - 2011). Con este Plan quérese obter a organización da xestión da biomasa en zonas estratéxicas, sobre todo as definidas como de alto risco, e mellorar as estruturas de extinción e de prevención de incendios forestais.

O concello O Porriño pertence á demarcación de Vigo 2. Segundo a *Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal* o concello de O Porriño foi clasificado como zona ZAR (Zona de Alto Risco de incendio). O PLADIGA, para priorizar as actividades das Forzas e corpos de seguridade e da vixilancia preventiva, determina as Parroquias de Especial Vixilancia (PEV) nas que non se inclúe Chenlo. Nembargantes a parroquia de Chenlo (San Xoán) clasificouse polo Plan do Distrito XVIII como parroquia con prioridade de actuación moi alta debido á continuidade da masa forestal con territorios moi afectados polos repetidos incendios.

A rede de defensa contra os incendios forestais no Distrito XVIII apóiase nas faixas de xestión. O Plan determina as **redes primarias de faixas de xestión da biomasa (RPFXB)**, cuxo obxectivo é

facilitar a extinción dos grandes incendios. Estas posúen un ancho mínimo de 125 metros pechando superficies totais de entre 500 e 1.000 hectáreas. Regularanse por orde da consellería competente en materia forestal. As redes primarias de faixas de xestión de biomasa serán obrigatoriamente integradas no planeamento municipal e inframunicipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. No monte de Chenlo a rede primaria pasa polo límite Norte, polo Sur e polo centro do mesmo. Esta se apoia en cortalumes, pistas e na estrada asfaltada.

O Plan, de acordo coa *Lei 3/2007*, indica tamén as **redes secundarias** de faixas de xestión da biomasa que localízanse sobre:

- a) *As infraestruturas viarias e ferroviarias públicas.*
- b) *As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*
- c) *As áreas de especial protección dos núcleos poboacionais, ademais de todas as edificacións, os cámpings, as infraestruturas e áreas recreativas, os parques e polígonos industriais, as plataformas lóxísticas e os depósitos de lixo, así como calquera outra susceptible de ser protexida.*

Nelas, será obrigatorio:

- a) *Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro, consonte o previsto nos criterios para a xestión de biomasa definidos na lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.*
- b) *Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento. Ademais nos 50 metros desde a estrema da propiedade non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.*
- c) *Ao longo da rede de autoestradas, autovías e vías rápidas e estradas, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados na lei 3/2007, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos devanditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.*
- d) *No caso de vías e camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase, no estrato arbustivo e subarbustivo, nos dous metros desde a aresta exterior da vía ou camiño.*
- e) *Ao longo da rede ferroviaria, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados na lei 3/2007, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.*
- f) *Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, respectaranse as especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os*

condutores, as árbores e outra vexetación. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estremeira da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.

No que respecta as redes secundarias no monte de Chenlo se atopan dúas liñas eléctricas de media tensión, vías e camiños forestais, un núcleo poboacional e unha área recreativa.

Por último, o Plan fai referencia as **redes terciarias** de faixas de xestión da biomasa que cumpren a función de illamento de potenciais focos de ignición de incendios forestais, indicado para ás UXFOR.

Tecor PO-10161 Serra do Galiñeiro

O TECOR PO-10161 Serra do Galiñeiro inclúe na súa superficie o monte de “Costa de Oia e outros”. Practícase tanto a caza maior coas batidas do xabarín (*Sus scrofa*) como a caza menor principalmente de coello (*Oryctolagus cuniculus*), e en menor proporción de perdiz (*Alectoris rufa*). O “Club deportivo de caza da Serra de Galiñeiro” xestiona 3 vivares de coello repartidos polo monte, cuxa concesión finalizou no ano 2007 e está pendente a súa renovación. Na determinación de usos prioritarios indicárase tamén os secundarios, podendo dicir *a priori* que as actividades cinexéticas estarán subordinadas ao uso produtivo do monte.

Sistema de Xestión Forestal Sostible (SXFS)

Dado que este monte está incluído dentro do Sistema de Xestión Forestal Sostible, tómase como marco xeral os criterios e indicadores de sostibilidade dispostos na norma **UNE 162002-1 “Xestión forestal sostible. Criterios e indicadores das unidades de xestión”**. Estes criterios naceron despois das Conferencias Ministeriais de Helsinki (1993) e Lisboa (1998):

Criterio 1. Mantemento e mellora apropiada dos recursos forestais e a súa contribución aos ciclos do carbono.

Criterio 2. Mantemento e mellora da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.

Criterio 3. Mantemento e mellora da función produtora dos bosques (madeirable e outros).

Criterio 4. Mantemento, conservación e apropiada mellora da biodiversidade en ecosistemas forestais.

Criterio 5. Mantemento e mellora da función protectora dos bosques (especialmente sobre o solo e a auga).

Criterio 6. Mantemento doutras funcións e condicións socioeconómicas.

A *Consellería de Medio Ambiente* da XUNTA DE GALICIA elaborou o **Manual de Boas Prácticas na Xestión Forestal Sostible**, que forma parte do SXFS, indicando as pautas de comportamento e prácticas para os diferentes axentes implicados na xestión do monte, as cales deben coñecer e levar a cabo para cumprir os Criterios e indicadores de Sostibilidade. Este Manual publicouse e se atopa na páxina web da *Xunta de Galicia*.

Plan Forestal de Galicia

O Plan Forestal de Galicia (1992) é un instrumento para formar un modelo forestal a longo prazo. Nel analizouse a vocación produtiva do solo forestal, constituíndo a unha planificación indicativa e non obrigatoria. Realiza unha zonificación do territorio galego en comarcas xeoforestais, relacionando para cada unha delas unha serie de especies forestais adecuadas dende un punto de vista produtivo. A elección da especie determínase en función da altitude e da profundidade do solo.

O monte “Costa de Oia e outros” se atopa na comarca xeoforestal “Costa Atlántica”. Aínda que a media de altitude do monte é próxima aos 400 m, tamén é certo que gran parte da superficie con altitude superior está composta por pedregal, polo que a superficie forestal podería ter unha altitude media inferior aos 400 m. Para esta comarca xeoforestal cunha altitude < 400 m recoméndase o *E.globulus*, o *P.pinaster* e *P.radiata*, elixindo o eucalipto para os solos menos profundos (< 50 cm). Para altitudes > 400 m recoméndase o *P.pinaster* e o *P.radiata*.

I.2. PERTENZA

O monte “Costa de Oia e outros” pertence á Entidade Local Menor de Chenlo, do Concello de O Porriño (Pontevedra). O seu escudo foi deseñado recentemente. Representa a escena de dúas cabras que apoiadas nas patas traseiras tratan de chegar ata as follas dunha árbore.

O monte “Costa de Oia e outros” está inscrito no Rexistro da Propiedade de Tui a nome da Entidade Local Menor de Chenlo (Porriño), e figura no Tomo 443; Libro 66; folio 227 volto; finca 6.603.



I.3. GRAO DE CONSOLIDACIÓN DA PROPIEDAD

O monte “Costa de Oia e outros” está deslindado por Orde do Ministerio de Agricultura do 18 de Setembro de 1968 e amoxonado no ano 1972. O deslinde e os moxóns instalados no terreo proporcionan a maior validez no que respecta ao establecemento da propiedade sobre a superficie do monte.

No Servizo de Montes e Industrias Forestais, na Delegación de Medio Rural en Pontevedra, se atopan os documentos relacionados con este monte de U.P. nº 493. A carpeta de referencia é MR-M78. A Acta de apeo e o plano de deslinde datan do ano 1966, e a Acta de amoxonamento e o plano correspondente datan do ano 1972.

I.4. LÍMITES

Segundo o deslinde realizado os límites do monte “Costa de Oia e outros” son:

Norte: Monte común dos veciños de Cela (Mos), monte de U.P. Nº 489 chamado “Cañota” da parroquia de Mosende (Mos) e fincas particulares na mesma parroquia coñecidas como “Pía de auga”.

Sur: Monte de U.P. Nº 521 da parroquia de Ribadelouro (Tui), fincas particulares e monte de U.P. Nº 519 – 528 da parroquia de Rebordáns (Tui).

Leste: Fincas particulares e monte de U.P. Nº 497 do concello de Porriño.

Oeste: Monte de U.P. Nº 547 “Galiñeiro, Caldeirón e outros” da Entidade Local Menor de Morgadáns (Gondomar), e monte de U.P. Nº 561 “Galiñeiro” da parroquia de Zamáns (Vigo).

I.5. SUPERFICIES

Segundo o deslinde a cabida total do monte “Costa de Oia e outros” é de 597,43 ha. O desglose actual realizado é o seguinte:

Cabida forestal: 500,05 ha

 Poboada: 435,08 ha

 Rasa: 64,97 ha

Cabida inforestal: 97,38 ha

I.6. POSIBLES SERVIDUMES E OCUPACIÓNS

Existe unha canteira de explotación de pedra de granito ao sur do monte de Costa de Oia. Ocupa actualmente 30.435 m²; pero foi solicitada a súa ampliación con 25.456 m² mais, resultando unha superficie total de ocupación de 55.891 m². A concesión actual remata no ano 2012, aínda que tense previsto autorizar a ampliación do prazo de concesión.

No monte se atopan cinco asentamentos apiarios de particulares por medio dunha cesión gratuíta feita a través dunha solicitude á Entidade Local Menor de Chendo e ao Servicio de Montes. Só se permite unha por propietario, tendo aproximadamente 25 colmeas. Fronte aos indicios existentes das irregularidades de dous asentamentos, é moi posible que cese a autorización de dito aproveitamento, quedando reducido o número a tres asentamentos apiarios. Os condicionantes que acompañan á notificación de autorización son:

- *A instalación non suporá ningún deterioro estético e medioambiental.*
- *Como a instalación afecta a bens de uso público da Entidade Local Menor de Chenlo, esta autorización que se concede en precario é revogable en calquera momento sen dereito a indemnización .*

Ao sur existe unha finca pechada con muro de pedra que abarca unha superficie aproximada de 3.300 m². O seu aproveitamento cedeuse temporalmente e de xeito gratuíto a unha veciña de Chenlo. O seu uso actual é de pasto.

Unha liña eléctrica de media tensión cruza parte do Leste do monte e outra atravesa o Sur. Realizouse o pago de servidume dunha sola vez antes do ano 2000 cubrindo así o tempo de cesión.

I.7.USOS E COSTUMES

Os uso mais difundido por parte dos veciños é a recollida de leña, que pode localizarse por todo o monte segundo o momento de oportunidade (restos de corta) ou de necesidade de rareo... Neste tempo a superficie de destino de aproveitamento de leñas a zona da pista de motocross, que moi pronto será desfeita para repoboar con piñeiro (*P.pinaster*) mesturado cunha porcentaxe de frondosas caducifolias. A recollida de fungos é outra das actividades levadas acabo por parte dos veciños. As últimas plantacións de castiñeiros está permitindo proporcionar os seus froitos aos veciños de Chenlo.

Algúns veciños disfrutan da recollida de fungos principalmente durante o outono. As especies mais comúns que son aproveitadas neste monte son: boletos (*Boletus sp.*), niscalos (*Lactarius deliciosus*, *Lactarius quieticolor*), lepiotas (*Cystoderma amianthinum*, *Macrolepiota procera*), *Cantharellus sp. e Russula sp.* entre outras. Débese ter coidado coas especies que son tóxicas como a *Amanita muscaria e Amanita pantherina*.

O pastoreo representa outro dos usos veciñais; aínda que só está autorizado o que corresponde a un dos veciños de Chenlo que posúe unhas 50 cabezas de cabras e ovelas, todas elas dirixidas por pastor. As zonas de uso abarcan dende o campo de fútbol ata o extremo sur do monte, preto da canteira, dentro do polígono 44, na parroquia de Chenlo (O Porriño).

Existe outro gando alleo que non posúe autorización para pastar no monte de “Costa de Oia”, nembargante os propietarios do mesmo fan caso omiso e o deixan libremente, provocando danos no arborado mais novo, ou nas fincas dos veciños de Chenlo no que respecta as vacas cando baixan do monte. As estimacións do número de cabezas de vacas é de 100, de cabalos 25, e de cabras e ovelas 50. É dicir, case duascenas cabezas de gando extensivo sen control vagando polo monte; aínda que con dono. Isto significa que calquera actuación para repoboar ou rexenerar necesita a planificación dun peche que o protexa posto que a mellor xestión deste gando non parece ter pronta solución. Xa no anterior Plan Técnico de Xestión e Aproveitamento do Monte do ano 1997 o enxeñeiro de montes Fernando Sáenz de Miera denunciaba tal feito. Incluso nunha Acta do ano 1995 a E.L.M. de Chenlo denunciaba os danos sobre os piñeiros, castaños e carballos americanos, causados polo pastoreo do gando ovino, vacún e cabalar.

O monte contén o TECOR PO-10161 Serra do Galiñeiro. Practícase tanto a caza maior coas batidas do xabarín (*Sus scrofa*) como a caza menor principalmente de coello (*Oryctolagus cuniculus*), e en menor proporción de perdiz (*Alectoris rufa*). O “Club deportivo de caza da Serra

de Galiñeiro xestiona 3 vivares de coello repartidos polo monte, cuxa concesión finalizou no ano 2007 e está pendente a súa renovación. Un atópase ao Leste do Coto do Mediodía, e os outros dous a o Leste e ao Sur do campo de fútbol. Tamén posúe unha zona concreta para o ocio e o uso social. Localízase entorno ao campo de fútbol de terra, no centro aproximadamente do monte en cuestión. Posúe case 13 ha, e consta dun piñeirai (*P.pinaster*) maduro, bosquetes de frondosas caducifolias que transcorren xunto ás dúas valgadas, un conxunto de mesas de pedra con bancos e unha fonte. De tódolos xeitos o uso social esténdese cunha menor intensidade ao resto do monte, mediante os paseos a pé, a cabalo (debido ao picadeiro existente en Chenlo) ou en bicicleta polas pistas que o recorren.

I.8. EXISTENCIA DE CONSORCIO OU CONVENIO

O monte “Costa de Oia e outros” non posúe convenio nin consorcio coa Administración Pública ou outra entidade privada.

I.9. REGULAMENTACIÓN EXISTENTE

O monte “Costa de Oia e outros” non se atopa dentro dun espazo natural protexido ou afectado por plans de conservación de especies ameazadas que poidan restrinxir a súa xestión.

I.10. POSIBILIDADE DE SUBVENCÍONS

A Entidade Local Menor de Chenlo, ten a posibilidade de acollerse as subvencións periódicas anuais que a *Consellería do Medio Rural* establece en materia forestal. As axudas económicas que se publican no DOGA están relacionadas có fomento das frondosas caducifolias, a primeira forestación de terras non agrícolas, a silvicultura en bosques no medio rural.... Segundo o Plan de Distrito, as redes primarias situadas sobre terreos forestais poderán ser causa de posibles indemnizacións compensatorias ou de axudas para o seu mantemento.

I.11. OUTROS (ENCLAVADOS...)

No interior do monte da E.L.M. de Chenlo existen 5 enclavados que suman a superficie de 8,075 hectáres segundo o expediente de deslinde do monte en estudio. A continuación se describe cada un deles:

Designación	Denominación	Superficie (has.)
A	SALGUEIRÓN	6,625
B	PÍA DE AGUA	0,425
C	CAMPILLO	0,375
D	CANCELA	0,325
E	PÍA DE AGUA	0,325

CAPÍTULO II. ESTADO NATURAL.


II.1. BREVE DESCRICIÓN DA SITUACIÓN XEOGRÁFICA, OROGRÁFICA, CONFIGURACIÓN DO TERREO, CLIMA E SOLO

II.1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O monte de U.P. nº 493 “Costa de Oia e outros” se atopa no sur da provincia de Pontevedra, no concello de O Porriño. As coordenadas nas que se encadra este monte son as seguintes:

	Coordenadas xeográficas	Coordenadas U.T.M.
Latitude	42° 5' 30" - 42° 8' 23" N	4.660.092 - 4.665.415
Lonxitude	8° 41' 51" – 8° 39' 19" W	525.000 – 528.506

No apartado de planos figura o plano de situación a escala 1/25.000 (Plano Nº1) e o plano topográfico do monte a escala 1/10.000 (Plano Nº 2). Este último realizouse tomando como base os planos (261-24, 261-25, 261-34, 261-35, 261-44, 261-35) a escala 1:5.000 da *Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda*. A situación na provincia de Pontevedra represéntase a continuación:




II.1.2. POSICIÓN OROGRÁFICA E CONFIGURACIÓN DO TERREO

O monte de U.P. nº 493 “Costa de Oia e outros” forma parte do Leste da Serra do Galiñeiro e se atopa dentro da conca do río Louro, afluente do Río Míño. Nos seguintes planos do monte de “Costa de Oia e outros” marcouse en negro o perímetro dos cantóns para o seu estudio individual posterior. (Ver apeo de cantóns).


Altitude

Posúe unhas cotas que van dende os 69 ata os 704 m.s.n.m. Pódese establecer unha altitude media para todo o monte de 400 m.s.n.m. A altitude diminúe cara o Leste.




Pendente

A pendente é moi acusada nas zonas con maior altitude, cara o Oeste, superando as veces o 50% de pendente. Na zona centro do monte tamén existen fortes pendentes que imposibilitan o mecanizado dos traballos forestais. En xeral cara o Leste a pendente se suaviza, podendo establecer un intervalo medio de 20 – 30%.



Orientación

O Leste é a principal orientación do monte coas súas variantes.



II.1.3. CARACTERÍSTICAS DO CLIMA

Metodoloxía

O monte de U.P. nº 493 “Costa de Oia e outros” posúe unhas cotas que van dende os 69 ata os 704 m.s.n.m. As características climáticas son homoxéneas para todo o monte, e realízase o estudo climático considerando su altitude media (400 m.s.n.m.). No estudo climático se determinaron valores medios e parámetros climáticos para poder establecer a clasificación climática e a influencia sobre a vexetación.

Elección da estación meteorolóxica

Para a elección da estación meteorolóxica mais adecuada se tivo en consideración os seguintes criterios:

- Similitude en condicións de releve (altitude e exposición) entre a estación e o monte.
- Situación xeográfica do observatorio en relación ao monte: criterio de proximidade e situación da estación e do monte na mesma conca.
- A existencia dunha serie suficiente de datos, considerando que a Organización Mundial de Meteoroloxía (OMM) aconsella un período uniforme para temperaturas e precipitacións de 30 anos, aínda que para temperaturas é suficiente unha serie de 15 anos (Martínez *et al.*, 1999).

Non elixiuse a estación de Granxa de Louro (Porriño), nin a de Tui por non posuír suficientes datos. A de Vigo está demasiado lonxe e posúe unha elevada diferenza altitudinal. Elixiuse finalmente a estación de Peinador, pertencente ao Instituto Nacional de Meteoroloxía. Trátase dunha estación de primeiro orde, onde ademais dos valores térmicos e de precipitación, recóllese a información sobre o vento, humidade relativa, insolación... Posúe datos termoplumiométricos dende 1961. Pola altitude á que está situada, pola serie suficiente de datos recollidos e pola súa proximidade ao monte, considérase a estación mais adecuada para caracterizar a climatoloxía do monte de Chenlo. As características da estación son:

Latitude	42° 14'
Lonxitude	8° 38'
Altitude	258 m.s.n.m.

Descrición do clima - Implicacións fitolóxicas

No anexo I.- ESTUDIO CLIMÁTICO, figura o cálculo de índices, parámetros e diagramas.

A **precipitación** media anual é 2.099 mm. As medias mensuais son as seguintes:

Meses	Xan	Feb	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agos	Set	Out	Nov	Dec
P (mm)	300	249	237	150	169	75	33	56	117	189	259	264

Se obtiveron as **temperaturas** medias mensuais, a media anual, e as medias das mínimas e máximas.

▪ Tª media anual	12,4 °C
▪ Tª media das máximas	16,5 °C
▪ Tª media das mínimas	8,2 °C
▪ Tª máxima absoluta	23,6 °C
▪ Tª mínima absoluta	3,5 °C

Os ventos dominantes teñen a compoñente principal S – SW; pero o monte de Chenlo, debido a súa orientación principalmente Leste, se atopa en parte protexido pola Serra de Galiñeiro.

As horas de sol son 2.062, tomando como referencia o observatorio de Peinador. As medias anuais de números de días de néboa son 69,5 e de chuva 152,1.

A partir dos datos meteorolóxicos básicos calculáronse os índices fitoclimáticos que mellor poden caracterizar as condicións climáticas do monte de Chenlo.

Índices de aridez:

Gausson: a seca fisiolóxica ocorre nos meses mais cálidos, é dicir, a precipitación media mensual acada un valor menor que o dobre da temperatura media mensual. Isto ten lugar no mes de xullo.

Dartín – Revenga: O valor deste índice de aridez é tanto maior canto máis marcada é a aridez da estación. Neste caso o valor 0,6 se atopa no intervalo 0 – 2, característico da zona húmida.

Vernet: O índice de *Vernet* pretende diferenciar o réxime hídrico ao que vense sometidas as comunidades vexetais nas distintas comarcas europeas. Calculando dito índice, resulta un valor de -4,21, que se corresponde cun clima mediterráneo.

Climodiagrama de *Walter – Lieth*

Para completar o estudo das condicións climáticas da estación elaborouse este climodiagrama que se mostra no anexo I, e se extraen as seguintes conclusións.

Intervalo de seca: é probable un período de seca estival no mes de xullo, pois as precipitacións mensuais son menores que o dobre da temperatura media.

Intervalo de xeadada seguro: os meses de decembro, xaneiro e febreiro acadan temperaturas mínimas absolutas por baixo do cero.

Ficha hídrica

Evaluouse a evapotranspiración real máxima posible a partir da evapotranspiración potencial segundo a fórmula de Thornwaite e dos parámetros climáticos e edáficos da estación de estudo.

Dende o mes de setembro ata maio a ETR (evapotranspiración real) coincide coa ETP (evapotranspiración potencial) e non existe déficit de humidade. A evapotranspiración, entendida como a perda de auga do solo a través da absorción radicular e transpiración da planta, é un fenómeno que actúa con maior intensidade principalmente nos meses de verán, cando as

temperaturas son mais elevadas. No balance hídrico realizado o período de tempo de xuño a agosto prodúcese un déficit de humidade, é dicir, a ETR é inferior á ETP. Non obstante, a reserva de auga do solo amortigua os efectos das baixas precipitacións e elevadas temperaturas nesta época.

Diagrama Bioclimático

O diagrama bioclimático de *José Luis Montero de Burgos*, relaciona o clima coa actividade vexetativa. Calculouse considerando unha escorrentía de 30%, típica de solos en ladeira, e dúas posibles capacidades de retención: 50 e 100 mm.

A temperatura media mensual e a dispoñibilidade hídrica son dous factores fundamentais na actividade vexetativa. Segundo os gráficos que amosan no anexo I, prodúcese a parada vexetativa durante os meses de decembro e xaneiro. A temperatura media é inferior a 7,5°C. A dispoñibilidade hídrica nunca chega ao seu estado crítico, aínda que sí deficiente nos meses menos chuviosos. A capacidade de retención do solo é importante para a vexetación neste período. Pódese observar a diferenza entre os dous diagramas bioclimáticos con distintas capacidades de retención. Salvo nos meses mais fríos e mais cálidos a intensidade bioclimática libre (I.B.L.) coincide coa intensidade bioclimática potencial (I.B.P.) e a produción está limitada pola temperatura. No período estival a I.B.L. é inferior á I.B.P. porque existe unha limitación hídrica parcial.

Índice de Patterson

Calculouse un valor de 1.359. Este índice asocia temperaturas e precipitacións nun mesmo sentido, chegando á conclusión de que as altas temperaturas e as abundantes precipitacións son imprescindibles para o pleno crecemento e desenvolvemento das masas forestais. A partir deste índice se obtivo unha produtividade potencial forestal de 9,19 m³/ha·ano.

Clasificación climática

Segundo a clasificación de *Allue*, o clima no monte en estudio se atopa dentro da subrexión fitoclimática V(VI) Atlántico europeo, na que a influencia oceánica é acusada.

Segundo a clasificación de *Thornthwaite*, en función do índice hídrico anual ($I_h = 228,3$) le corresponde un clima perhúmedo (A), e en función da ETP anual (649,7 mm) o tipo de clima é mesotérmico I (B₁).

II.1.4. CARACTERÍSTICAS DO SOLO

Descrición xeolóxica

Segundo o Mapa Xeolóxico do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, no monte en estudio predominan os granitos de dúas micas. É un material do período hercínico. Está constituído por grandes cristais de feldespato branco, microclina e plagioclasa ácida, cuarzo e mica, moscovita e biotita.

Solo

No monte de Chenlo pódense diferenciar dúas zonas. As de maior altitude forman parte da Serra do Galiñeiro deixando en ocasións á vista a roca madre que nos advirte da falta de solo. Este tipo de solos pouco evolucionados se corresponden có tipo Ránker.

Cara o leste, e diminuindo en altitude a profundidade do solo é maior e a vexetación pode establecerse con maior facilidade, sendo do clasificadas como terras Pardas Oligotróficas.

O tipo Ránker son solos con perfil A/C. O horizonte orgánico (A) é de espesor moi variable, pero normalmente somero. Case sempre o forman restos vexetais sen descompoñer. A granulación do granito e dos esquistos sobre os que se desenvolve este solo, permite un fácil drenaxe permanente. Cando a roca madre é mais compacta, prodúcese un drenaxe lateral que impide o desenvolvemento do solo cara a perfís mais evolucionados. Sobres este solos se atopan especies pouco esixentes como *Erica sp.* e *Chamaespartium tridentatum*, ou outras con maiores requerimentos pero deficientes en altura.

As terras Pardas Oligotróficas presentan tres horizontes. O horizonte A ou superior, con restos vexetais e materia orgánica transformada. O horizonte B ou intermedio. Nel a materia orgánica está modificada, descomposta e mesturada coa materia mineral. O horizonte C formado por rocha fisurada sen alterar ou alterada. Estas terras desenvólvense sobre granitos ou esquistos. O seu humus é pouco evolucionado, e tanto o pH como o contido en nutrientes e baixo. O contido en materia orgánica é alto. Sobre eles pódense desenvolver carballeiras e soutos. Algunhas especies como *Cytisus sp.*, *Quercus robur*, *Frangula alnus* e *Pyrus cordata* son indicadores deste tipo de solos.

II.2. INFRAESTRUTURAS DE ACCESO

Realizouse a unha clasificación das vías existentes no monte:

Vías principais (P): Inclúense a que las vías asfaltadas ou non, cuxo tránsito podería facerse nun turismo, e o ancho da mesma é próximo aos 5 metros.

Vías secundarias (S): Son aquelas que posúen un ancho inferior aos 4 metros ou é necesario un vehículo todo-terreo para circular por elas.

Vías de saca (T): Levarán a letra T de terciarias, e a súa función é o desembosque da madeira. Son estreitas, non posúen cunetas e có tempo poden pasar desapercibidas pola cuberta vexetal.

Sendeiros (se): son os camiños para ir a pé, pois carecen de anchura ou as veces perden a traza. É seguro que existen mais sendeiros dos que se indican no plano de infraestruturas.

Alguns cortalumes ou devasas son transitables mediante vehículo todo-terreo e outros simplemente a pé, polo que se inclúen como infraestruturas de acceso ao monte. Denominaranse coa letra C.

Vías principais (P)

Código	Lonxitude (ml)
P-1	503
P-2	2.808
P-3	400
P-4	2.320
P-5	2.117
P-6	346
P-7	1.148
P-8	2.147
Total	11.787

Vías secundarias (S)

Código	Lonxitude (ml)
S-1	2.361
S-2	203
S-3	844
S-4	522
S-5	968
S-6	627
S-7	996
S-8	460
S-9	1.049
S-10	394
S-11	635
S-12	753
S-13	768
S-14	418
S-15	872

S-16	815
S-17	97
S-18	686
S-19	579
S-20	186
S-21	473
S-22	581
S-23	235
S-24	719
S-25	604
S-26	462
S-27	479
S-28	490
S-29	588
S-30	680
S-31	615

S-32	1.273
S-33	559
S-34	1.033
S-35	961
S-36	546
S-37	632
S-38	1.172
S-39	304
S-40	736
S-41	668
S-42	440
S-43	1.693
S-44	659
S-45	328
S-46	203
Total	31.367

Vías de saca (T)

Código	Lonxitude (ml)
T-1	422
T-2	75
T-3	601
T-4	234
T-5	288
T-6	180
T-7	142
T-8	185
T-9	333
T-10	294
T-11	352
T-12	306
T-13	88
T-14	326
T-15	462
T-16	104
T-17	131
T-18	154
T-19	170
T-20	166
T-21	295
T-22	253
T-23	135
T-24	401
T-25	205
T-26	144
Total	6.445

Cortalumes (C)

Código	Lonxitude (ml)
C-1	1.617
C-2	816
C-3	337
C-4	168
C-5	504
C-6	309
C-7	511
C-8	806
Total	5.068

A densidade dos diferentes accesos respecto á superficie total do monte é a seguinte:

Tipo de acceso	m/ha	m ² /ha
Vías principais	19,73	98,65
Vías secundarias	52,50	183,76
Vías de saca	10,79	32,36
Sendeiros	5,53	8,30
Cortalumes	8,48	101,80

Tomáronse unhas medias dos anchos segundo o tipo de vía. Vías principais 5 m; vías secundarias 3,5 m; vías de saca 3 m; sendeiros 1,5 m; cortalumes 12 m.

II.3. ESTRUCTURA DE USOS

Os criterios seguidos para a clasificación da estrutura de usos son os que se recollen nas Instrucións para a estrutura e codificación dos plans de xestión forestal publicadas pola *Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais*.

Identificáronse os distintos usos do solo que aparecen no monte de “Costa de Oia e outros”, e dentro do uso forestal, as distintas estruturas de vexetación que o poden ocupar.

Bosque: Agrupación de árbores en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ó 5% e uso netamente forestal. A orixe do mesmo é natural ou de repoboación netamente integrada. Superficie de 356,8 ha.

Bosque de plantación: Agrupacións de árbores en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ó 5% e uso netamente forestal. A orixe do mesmo é de plantación, aparecendo visibles os marcos de plantación u outros elementos que delaten a súa orixe artificial. Superficie: 100,9 ha.

Complementos do bosque: Superficies que non son arboradas pero están intimamente unidas ó aproveitamento forestal do bosque (parques de madeira, devasas,...). Superficie: 6,1 ha.

T.D. (Cortas): Terreos forestais que deberían estar arborados; pero se atopan temporalmente desarborados pola realización de talas recentes. Superficie: 14,6 ha.

T.D (Incendios): Terreos que deberían estar arborados pero se atopan temporalmente desarborados por un recente incendio. Superficie: 7,8 ha.

Matogueiras: Agrupación vexetal definida pola súa estrutura ou polo seu aspecto, conferidos polo feito de que o seu estrato superior ou o mais alto con espesura está caracterizado polo predominio de matas (especies leñosas relativamente baixas e ramificadas dende a súa base). Superficie: 27,1 ha.

Monte sen vexetación superior: Superficie que por circunstancias de composición edáfica, de pendente ou calquera outra, presentan a maior parte da súa superficie espida de vexetación, mesmo herbácea. Superficie: 61,8 ha.

Artificial: Superficies nas que a influencia antrópica determinou que o seu uso non sexa xa mais nin agrícola nin forestal. Superficie: 1,19 ha.

II.4. ESTADO DOS PROCESOS DE EROSIÓN.

Os procesos de erosión mais notables producíronse durante moito tempo nas partes mais altas do monte que forman parte da Serra do Galiñeiro. Os incendios repetidos, xunto coa pendente do terreo e a erosión dos axentes climáticos proporcionan esta paisaxe tan común nalgúns montes de Galicia.

Na actualidade, a erosión no monte de Chenlo podería identificarse puntualmente nas pistas ou cortalumes de maior pendente, onde se producen fortes arrastres das partículas do solo. Cara o Leste do mirador os eucaliptais se atopan nun terreo de elevada pendente onde as laxes afloran de xeito abundante. A escasa profundidade de solo está ligada en gran parte aos efectos da erosión.

II.5. ESTADO DA REDE FLUVIAL E BOSQUE RIPÍCOLA.

A orientación Leste predomina no monte e condiciona a dirección e sentido dos cursos de auga de ríos e regatos que se forman nas valgadas. O monte de Chenlo se atopa na Conca Hidrográfica do Río Miño.

Comezando polo Norte, discorre o Regato de Chenlo ou Regato da Fervenza. Cara o centro do monte e partindo da curva mais pechada da estrada asfaltada, discorre o Regato Regueiras e o Regato Tripeiros que despois recibe o nome de Regato do Penedo ou da Pexegueira. Na parte

Sur o río San Simón nace preto de Os Cabreiros, sendo alimentado polo Regato do Inferno que circula por unha profunda valgada próximo ao límite do monte. Todos son afluentes do Río Louro, que a su vez é afluente do Río Miño situado máis cara o Sur.

A vexetación ripícola atópase distribuída ao longo destes regatos, aínda que o máis destacable en canto a diversidade e abundancia atópase xunto aos regatos Tripeiros e Regueiras. Pódense observar as seguintes especies: bidueiro (*Betula sp.*), carballo (*Q.robur*), carballo americano (*Q.rubra*), aliso (*A.glutinosa*), salgueiro (*Salix sp.*), arce (*Acer sp.*) e castiñeiro (*C.sativa*). Se ben moitas delas foron plantadas anteriormente para mellorar a paisaxe dun dos accesos que levan ata a área recreativa.

II.6. BIODIVERSIDADE: FAUNA E VEXETACIÓN. HÁBITATS FORESTAIS (SINGULARES E ECOTONOS)

II.6.1. VEXETACIÓN

Vexetación actual

O estrato arbóreo tratarase con maior detalle no Estado Forestal. A maior parte da vexetación arbórea existente no monte de Chenlo procede de repoboacións. Existen piñeirais de *P.pinaster* que ocupan unha superficie de 213 hectáreas. Os eucaliptais de *E.globulus* cobren unha superficie de 148 hectáreas. Os piñeirais de *P.radiata* ocupan 39 hectáreas. Varias especies de frondosas caducifolias (principalmente *Q.rubra* e *C.sativa*) ocupan unhas 35 hectáreas. Outras especies con menor representación son o bidueiro (*Betula sp.*), o arce (*Acer sp.*), o fresno (*Fraxinus sp.*), o olmo (*Ulmus minor*), o aliso (*A.glutinosa*), o salgueiro (*Salix sp.*), o liquidambar (*Liquidambar styraciflua*) e o capudre (*Sorbus aucuparia*).

Nos piñeirais de *P.pinaster* se desenvolven outras especies arbóreas de xeito natural e as veces abundante como o castiñeiro (*C.sativa*) e o carballo (*Q.robur*) e de xeito máis ocasional o acivro (*I.aquifolium*). No sotobosque aparecen puntualmente *Frangula alnus* e *Pyrus cordata*.

O mato apenas se desenvolve baixo os piñeirais de *P.radiata* debido a sombra das súas polas. Nos eucaliptais e nos piñeirais de *P.pinaster* se observa un sotobosque que segundo a calidade do solo está formado por algunhas das seguintes especies: *Ulex minor*, *Ulex europaeus*, *Pteridium aquilinum*, *Calluna vulgaris*, *Erica sp.*, *Chamaespartium tridentatum*, *Rubus sp.*, *Cytisus sp.*

Próximo aos regatos se observan os bidueiros (*Betula sp.*), salgueiros (*Salix sp.*), alisos (*A.glutinosa*), carballos (*Q.robur*)...

Tamén existen pequenas zonas no Leste do monte onde se localiza a acacia negra (*Acacia melanoxylon*).

Vexetación potencial

Segundo a clasificación da vexetación natural establecida por Rivas Martínez (1987), o monte se atopa dentro da Rexión Eurosiberiana, Provincia Bioxeográfica Cántabro – Atlántica, Sector

Galaico – Portugués, e corresponde á Serie colina galaico potuguesa acidófila do roble (*Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*).

A Serie colina galaico potuguesa acidófila do roble (*Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*) corresponde no seu óptimo estable a un robledal denso de carballos (*Quercus robur*), que pode ir acompañado doutras especies arbóreas como acivro (*Ilex aquifolium*), castiñeiro (*Castanea sativa*) e loureiro (*Laurus nobilis*). No sotobosque da carballeira, ademáis dun bo número de especies nemorales esciófilas (*Teucrium scorodonia*, *Hypericum pulcrum*, *Holcus mollis*, *Asplenium onopteris*, *Luzula fosteri*, *Viola riviniana*, etc.) existe un sotobosque arbustivo mais ou menos denso no que moitas veces se atopan elementos mediterráneos (*Ruscus aculeatus*, *Arbutus unedo*, *Daphne gnidium*), coexistindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla como *Pyrus cordata*, *Frangula alnus*, *Crataegus monogyna*, *Corylus avellana*, etc.

A degradación moderada destes bosques permite a extensión das xesteiras oceánicas colinas e mesomediterráneas, pobres en especies de distribución galaico-portuguesa, ourensana e beirense litoral (*Cytisenion striati: Ulici europaei-Cytisetum striati*), cuxa estrutura corresponde a un piornal de gran talla rico en fentos, silvas e toxos. Nas zonas mais degradadas aparecen as uzes.

II.6.2. FAUNA

No monte de Chenlo obsérvase regularmente a presenza de gando vacún, equino, caprino e ovino. Anteriormente, púxose de manifesto o risco do rexenerado ou das plantacións cando o manexo do gando e sen control.

As especies que normalmente teñen un aproveitamento cinexético son o xabarín (*Sus scrofa*) o coello (*Oryctolagus cuniculus*), e en menor proporción a perdiz (*Alectoris rufa*).

Outros animais presentes no monte de Chenlo son: o raposo (*Vulpes vulpes*), o esquío (*Sciurus vulgaris*), a toupa (*Talpa occidentalis*), o cuco (*Cuculus canorus*), o miñado (*Buteo buteo*), o azor (*Accipiter gentilis*), o gavilán (*Accipiter nisus*) o pico picapinos (*Dendrocopos major*), a pega (*Pica pica*), o arrendajo (*Garrulus glandarius*), o papo-rubio (*Erithacus rubecula*), o pombo torcaz (*Columba palumbus*), o corvo (*Corvus corone*), a tarabilla (*Saxicola torquata*), o carbonero garrapinos (*Parus ater*), o carbonero (*Parus major*), o merlo (*Turdus merula*), o herrerillo común (*Parus caeruleus*), o pinzón vulgar (*Fringilla coelebs*), a rula común (*Streptopelia turtur*)...

II.7. ENFERMIDADES, PRAGAS E OUTROS DANOS

En xeral o estado sanitario das masas de *P.pinaster* e *P.radiata* é bo. As posibles bolsas de procesionaria (*Thaumetopoea pityocampa* Schiff) son tesmoniais e non representan ata o momento ningún problema.

Practicamente todas as masas de *E.globulus* vense afectadas polo *Gonipterus scutellatus* Gyll. Trátase dun defoliador do eucalipto tanto no estado larvario como no adulto. Pode causar

problemas no crecementos debilitalo. Ata o momento, no monte non se aprecian pés de eucalipto mortos por dita causa, e pode considerarse leve a súa afección.

Nas primeiras plantacións realizadas de castiñeiros (*C.sativa*) apareceu o chancro nalgún dos pés. O fungo acabou coa vida dalgunhas árbores, aínda que outros parecen resistir a enfermidade. Realizaranse cortas de policía so naqueles pés claramente sentenciados polo grado de afección.

Dende moito tempo atrás os maiores danos sobre o rexenerado e as plantas novas teñen a súa orixe na presenza de gando sen control por case todo o monte, polo que é necesario a instalación de peches de protección.

Os danos por incendios non foron preocupantes nos últimos dez anos. Fai uns catro anos unha hectárea de *P.pinaster* foi afectada por un incendio. Mais tempo atrás, unhas 4 hectáreas de repoboado de *P.pinaster* situadas no Sur do monte de Chenlo tamén sufriron danos polo lume.

II.8. DESCRICIÓN DE ÁRBORES, ENTORNOS E PAISAXES SINGULARES, PATRIMONIO CULTURAL E VALORES RECREATIVOS.

O monte de Chenlo proporciona amplas vistas debido a súa situación xeográfica sobre a Serra de Galiñeiro. Exceptuando o polígono industrial de O Porriño e as canteiras de rocha de granito, a paisaxe é fermoso. Existe unha pequena zona cuxa función é a de mirador cara o Val do río Louro. Tamén, moi próximo se atopa a área recreativa en *Fonte Fría* ou *Chan de Carreira*, situado no centro do monte. Conta cunhas mesas e bancos de pedra e varias barbacoas xunto a unha fonte de auga moi fresca. O entorno que o rodea é unha masa adulta de piñeiro do país (*P.pinaster*) e un conxunto de frondosas caducifolias mais novas que có tempo substituirán aos piñeiros. Ao carón se atopa un campo de fútbol de terra, os vestiarios e o aparcadoiro. Os paseos a pé ou en bicicleta son outras das actividades recreativas mais destacables dentro do monte.

Segundo o *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da provincia de Pontevedra* o monte de “Costa de Oia e outros” contén unha serie de xacementos arqueolóxicos. Outros, aínda que non se atopan no monte, teñen a súa área de protección (200 metros de radio) que solapa parte do mesmo, e polo tanto deben ser considerados.

Os xacementos arqueolóxicos están protexidos pola *Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia*, de xeito que calquera inicio de actividade ou obra que se atope nun radio de 200 metros dalgún dos xacementos inventariados pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*, necesitará dun informe previo da mesma.

A parroquia de San Xoán de Chenlo (O Porriño) contén os seguintes:

CÓDIGO	NOME	Nº FOLLA	ELEMENTOS	ADSCRIPCIÓN CULTURAL
GA36039010	COTO DE CASPEDRAS	261-13	-	MEDIEVAL
GA36039011	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 1	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039019	O COTIÑO	261-13	-	CALCOLÍTICO
GA36039021	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 2	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039026	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 3	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039027	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 4	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039028	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 5	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039029	MÁMOAS DE CHAN DE O FOXO 6	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039007	MÁMOAS DE A QUEIMADA 1	261-22	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039025	MÁMOAS DE A QUEIMADA 2	261-22	1 MÁMOA	NEOLÍTICO
GA36039ACH-7	ACHADO CERÁMICO DE CHAN DO FOXO	261-22	-	CALCOLÍTICO

Na parroquia de San Xurxo de Mosende (O Porriño):

CÓDIGO	NOME	Nº FOLLA	ELEMENTOS	ADSCRIPCIÓN CULTURAL
GA36039020	EMBARGADA	261-13	-	BRONCE

Na parroquia de Santiago de Morgadáns (Gondomar):

CÓDIGO	NOME	Nº FOLLA	ELEMENTOS	ADSCRIPCIÓN CULTURAL
GA36039083	MÁMOA DE A ROZADA	261-22	1 MÁMOA	NEOLÍTICO

Na parroquia de San Pedro de Cela (Mos):

CÓDIGO	NOME	Nº FOLLA	ELEMENTOS	ADSCRIPCIÓN CULTURAL
GA36033044	MÁMOA DE CHAN DE A CARREIRA 3	261-13	1 MÁMOA	NEOLÍTICO

Na actividade forestal, estando na *área de protección*, calquera movemento de terras debería contar coa autorización previa de *Patrimonio* (por exemplo: apertura de vías forestais, construción de cortalumes, extracción de material, realización de gabias, preparación do terreo para a posterior plantación...). Nos traballos silvícolas o risco de danar un petroglifo ocorre cando se efectúa unha roza mecanizada ou unha trituración dos restos. No aproveitamento madeireiro o apeo do arborado e a saca dos produtos pode ocasionar tamén danos directos sobre os xacementos arqueolóxicos. As medidas cautelares ditaminadas pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* axudarán a conservar estes legados culturais.

CAPÍTULO III: ESTADO FORESTAL

III.1. DIVISIÓN INVENTARIAL

Para realizar unha descrición precisa e completa do monte, se realiza a división do mesmo; pero antes débese identificar e segregar no plano xeral topográfico as seguintes superficies non forestais:

- Campo de fútbol e aparcadoiro localizados no centro do monte.
- Estrada asfaltada principal, e unha rede abundante de vías forestais.
- Cortalumes nalgún límite do monte e no interior tamén, sumando aproximadamente 5 Km de lonxitude.
- A área de servidume de dúas liñas de media tensión que cruzan o monte na parte sur e no centro-leste.
- Varios rochedos considerados improdutivos e inforestais, a maior parte nos cumios.
